



Recordamos:

Facer unha descrición e explicar como é unha persoa, un animal, unha cousa. Por exemplo, se queremos facer unha breve descrición da nosa clase, diríamos que:

A nosa clase é bastante ampla, ten un lote de mesas e sillas. Xeralmente, os nenos e nenas están agrupados de dous en dous, excepto os días que hai exame.

Ten tamén un armario á esquerda onde gardamos todos os dicionarios e ademais dunha pizarra tradicional, conta tamén coa pizarra dixital e o proxector. Debaixo da pizarra da clase temos unha caixa con un montón de xogos e a esquerda do encerado temos outro armario onde gardamos os cadernos e os libros de cada asignatura.

No fondo da clase está a biblioteca de aula e na parede dispoñemos dun espazo enorme onde temos pegada a clasificación dos alimentos e o cartel que fixemos para o calendario do cole.

Neste caso, teredes que facer unha descrición dun animal. Eu, como vedes, deiseivos unhas fotos dalgúns animais que vimos na clase como propostas para que escollades o que máis vos guste. Pero non tedes porque escoller un dos que está aí, senón que podedes escoller facer unha descrición do voso animal favorito ou incluso da vosa mascota (se tedes).

Para axudarvos a escribir a descrición, o mellor é que cubrades este cadro e así non vos esqueceredes de ningunha cousa importante e teredes organizada toda a información.

Que animal é? Como se chama? E vertebrado ou invertebrado? É mamífero, reptil, anfibio, peixe ou ave?	
Vivíparo ou ovíparo?	
Como é? E grande ou pequeno? De que cor é? Ten plumas, pelos, escamas..? Ten patas, aletas, pico, boca..?	
De que se alimenta? É herbívoro, carnívoro ou omnívoro? Que tipo de plantas come? De que animais se alimenta?	
Como se desplaza? Nadando, saltando, correndo, reptando, por aire, mar ou terra?	
Onde vive? Na selva, na granxa, no río, no mar, na sabana, no deserto..?	

Ademais disto, podedes escribir calquer cousa que vos pareza importante, que chame a vosa atención, algunha curiosidade... Todo o que queirades! Recordade empregar correctamente os puntos, as maiúsculas, as comas...

Debaixo da descrición podedes facer un debuxo ou buscar algunha foto dese animal e pegala.

